

Contra a chantaxe da industria láctea



O SLG convoca a 300 gandeiros e gandeiras diante da Consellería de Medio Rural, contra a chantaxe de Lence e en demanda de prezo digno.

O sector do leite segue a sufrir as consecuencias dunha política neoliberal baseada na especulación e no enriquecemento do sector industrial e da gran distribución a costa da sobreexplotación do sector primario e do terceiro mundo. O capitalismo salvaxe, nos períodos de crise, só permite

marxes comerciais á grande industria, ao capital financeiro e as multinacionais da distribución de alimentos. Ás labregas e aos gandeiros reservannos o papel de man de obra barata, competindo con prezos do terceiro mundo, pero producindo calidade, con exhaustivos controis, con grande presión fiscal, con altos custos de

produción... Nesta situación non temos outra saída que a mobilización e a loita polo dereito a vivir dignamente do noso traballo, para elo precisamos dun prezo xusto para os nosos produtos. A situación agrávese máis cada día que pasa, polo que temos que seguir coas mobilizacións.

Páxs. 3, 4, 5 e 7

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Sandra
Varela, Carme Freire, Lidia
Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Charo Sánchez
Parga, Beatriz González,
Antón Sanchez García, Xabier
Gómez Santiso, Margarida
Prieto Ledo, Ana Rodríguez e
Marcos Louzao.

Deseño e maquetación:

Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449

Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZUA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXIA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981
703169
SANTA COMBA - R/ Carmen
Santiso, nº22, baixo. Tif. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tif. 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Tif. 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Tif. 630 970 131
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.
Tifno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tif.
982 403005
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrecán B. Tif: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISS Tif/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.
982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif. 982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros, portal
1ª, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825

Editorial, pax. 3

■ Do valor das loitas que non teñen prezo.
Fálanos da dignidade das persoas e da dignidade colectiva, non dobregar
ante a chantaxe da industria, non dobregar até conseguir prezos xustos
para os nosos produtos. As dúas explotacións da Mariña represaliadas
son un exemplo de loita e de dignidade para todo o sector do leite.



Galiza, paxs. 4, 5 e 6

- Impagos en Central Lechera de Gallega S.A., CELGA
- Entrevista a Carme Freire e repaso ao acontecido nas últimas semanas no sector do leite, especialmente coa non recollida a dúas granxas.
- Lingua. Loitando polo dereito a seguir falando das nosas aldeas.
- Continúa a loita contra a extracción de cuarzo na Terra Chá.

Aldea Global, pax. 7

■ A actitude irresponsable da UE agrava inda máis a situación do sector
leiteiro. Lidia Senra, xunto con outros membros da Coordinadora Europea
Vía Campesina transmitiulle ao presidente do Consello Agrícola europeo
a necesidade de garantir un prezo mínimo para o leite.



Sectores Gandeiros, paxs. 8 e 9

- O SLG asina un convenio de colaboración con ACIVEGA.
- Prezos e solidariedade, unha reflexión de Xabier Gómez Santiso.
- Quen queda cos cartos da PAC?. Ana Rodríguez explicanos a realidade en cifras das axudas da Política Agraria Común, constatando que son recibidas na súa maior parte polas grandes distribuidoras europeas.

Sectores Vexetais, paxs. 10 e 11

- Precisamos da venta directa. Sector da horta
- As normas fitosanitarias e de control como exclusión da economía labrega
- O Decreto de regularización do viñedo, unha estafa ao sector produtor
- Curso de viticultura ecolóxica e biodinámica en Ribadavia




Mulleres, pax. 12

- A lactancia materna diminúe o risco de enfermidade vascular nas mulleres.
- Na defensa das nosas sementes. As mulleres son as verdadeiras guardiás da biodiversidade.

Agroecoloxía, pax. 13

■ Demandamos novas políticas agrarias respectuosas co medio ambiente. Contra o cambio climático outro modelo de produción agraria é posible. Reprodúcese o manifesto do SLG no día mundial do medio ambiente no que se denuncia o modelo de agricultura industrial, moi dependente, que o neoliberalismo quere impoñernos.



Eira, paxs. 14 e 15

- Axudas a renovación de maquinaria, regularización de viñedo, axudas á adquisición de gasóleo, Subvencións para rehabilitación e renovación de vivendas no rural, etc.
- Anuncios das nosa explotacións de compra, venda e troco.

Contracapa, pax. 16

■ Nesta páxina explicase con brevidade o que é para o Sindicato Labrego Galego a Soberanía Alimentar.

Esta publicación está cofinanciada pola



DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

DO VALOR DAS LOITAS QUE NON TEÑEN PREZO

Nestes últimos tempos, as loitas, as da nosa xente, tornáronse decisivas para o futuro.

Sen deixar de plantexar reivindicacións sindicais (o prezo do noso traballo, o control público da oferta e a demanda, o papel dos gobernos...), estivemos poñendo nun primeiro plano da actualidade reivindicacións sociais, humanas ao fin: a defensa da dignidade das persoas, da dignidade individual e da colectiva.

Esa que exemplificaron dúas familias da Mariña Luguesa con forma de granxas leiteiras, con forma de xente loitadora, de xente do SINDICATO, de xente que leva toda

a vida pelexando polo que quere, polo que é, polo que os seus fillos tamén están orgullosos de ser e facer.

Esa que fixo botarse ás rúas e aos camiños a toda a demais xente que entendeu que a súa dignidade tamén estaba en perigo canda a destas familias.

Esa que nos fixo sentir que era moito máis que a discusión polo prezo o que estaba en xogo; era o embite ao poder con forma de empresa-rio e o embite á covardía instalada nese tipo de gobernantes e persoeiros que sempre, sempre, intentan que aceptemos o poder establecido, o “quen manda, manda”, que vivamos a vida enteira pedindo per-

miso por vivir a quen se supón dono das nosas vidas.

O que non calibraron ben nin uns nin outros foi a clase de xente coa que se atopaban: a do SLG, a mesma que non dobregou diante de embargos da cota empresarial, nin cando a ameaza da supertaxa nos impedía producir para poder vivir....nin vai dobregar para ter prezos xustos para os nosos produtos.

Os tempos corren difíciles e as loitas son longas, moi longas.

A batalla gañada nestes días, a forza da dignidade, da solidariedade, do orgullo de ser quen somos é o que nos pode facer ganar outras batallas contra este sistema: o neoliberalismo, no que o beneficio económico é o único beneficio posible e no que todo é mercaduría.

Pois ben, que saiban que neste recuncho do mundo chamado Galiza, ao igual que noutros moitos, existimos persoas que pensamos que hai moitas cousas que teñen prezo (o noso traballo tamén), pero hai outras que nin se compran nin se venden. Esas son as de valor.

Esas son tamén as da nosa xente.

Adiante.



Apoio emotivo aos compañeiros represaliados Xosé Veiga e Narciso Cid na concentración convocada polo SLG, diante da Consellería en Santiago de Compostela.

Impagos en CELGA

“Central Lechera de Gallega, S.A.”

Xa van varios meses, desde febreiro, que moitos/as produtores/as de leite da Comarca de Tabeirós-Terra de Montes non cobran o leite que todos os días lle recolle a empresa Central Lechera de Cuntis SL. que é a primeira compradora, ademais de cobrar un prezo baixo, como lle acontece a todo o sector.

Pois ben, o 25 de maio publicouse no BOE que unha empresa do mesmo grupo e ubicada no mesmo lugar, no concello de Cuntis, CENTRAL LECHERA DE GALLEGA SA, foi declarada en concurso de acreedores. Esta empresa encargase de transformar en queixo todo o leite que a empresa Central Lechera de Cuntis SL lle recolle a cada explotación. Todo isto tradúcese en que os/as gandeiros/as non se poden presentar ao concurso de acreedores por non ser deudores directos, pero si que sofren impagos, dado que a Central Lechera de Cuntis si ten cartos sen cobrar da CENTRAL LECHERA DE GALLEGA SA.

Para desenlear todo isto, o xoves 4 de xuño, o Sindicato Labrego Galego tivo unha xuntanza con todos os afectados para estudar a situación en canto aos meses pendentes, creando unha comisión de afectados/as para poder trasladarlle a ambas empresas o seu malestar e, ante a imposibilidade de que os/as produtores/as se persoen non concurso de acreedores, que o faga a empresa intermediaria, é dicir, a Central Lechera de Cuntis.

O 17, TRACTORADAS en todo o País.

A Dirección Nacional do Leite do SLG celebrada o 9 de xuño acordou tirar para adiante na defensa do prezo. Falamos con Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego sobre as propostas da Xunta e sobre cal é o camiño que vai seguir o SLG.



Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego

O día 27 de maio fíxose a primeira mesa do Leite do Goberno do PP de Feijoo na Xunta. Que acordos se tomaron na mesa do leite sobre as medidas de choque anunciadas polo Goberno Galego para o sector lácteo?

As propostas que o Conselleiro trouxo á Mesa do Leite foron completamente decepcionantes. Convocaron-na a todo bombo para que se pensara que estaban traballando en medidas de choque para o sector e o que trouxeron a ela foi:

1º- O adianto do pago único a xuño, que por certo xa fora o que se pechara na entrevista que tivemos co Presidente Feijoo. Adiantarnos o diñeiro que xa é noso pode estar ben para que algunha explotación teña diñeiro efectivo neste momento, pero se non hai outras medidas e se non se recupera o prezo que temos que cobrar polo leite, non hai solución.

2º- A outra medida anunciada, a dos préstamos do IGAPE, só serve para vender na prensa e non para as explotacións, así llo dixemos na Mesa do Leite. Que banco nos vai prestar cartos para ter liquidez? aínda que sexa a interese cero se as explotacións temos que poñer os avais, ou é que os bancos van a arriscarse a quedar coas vacas ou coas instalacións como aval? Esa medida é querer quedar ben e non gastar, sábeno perfectamente.

3º - O goberno do PP na Xunta de Galiza, tampouco vai habilitar ningunha axuda directa, xa demandada polo SLG na reunión co Presidente e que quedaron de estudar daquela. Terán que explicar porqué en dous días habilitan axudas directas para salvar ao sector da automoción, e non para salvar o sector lácteo e todo o que del depende.

Podemos afirmar entón que a día de hoxe non existen medidas de choque para salvar ao sector lácteo dos abusos e da especulación da gran distribución.

Cales foron as propostas que o Sindicato Labrego Galego plantexou a Samuel Juárez nesta Mesa do Leite?

Propuxemos ao Conselleiro que Galiza liderara, co seu Goberno a fronte, e con todo o sector produtor e industrias unha campaña para forzar ao Goberno do Estado a apostar por cambios na política leiteira, fixar un prezo digno e que non estea marcado polos intereses das multinacionais da distribución, non seguir aumentando a cota en Europa para seguir inundando o mercado, senón redistribuíla. Tendo en conta ademais que no Parlamento do Estado, por unanimidade, aprobouse unha resolución neste sentido, porque non se fai causa disto para que o problema do prezo teña unha solución definitiva?

Estivo habendo moitas mobilizacións, incluso houbo aprazamentos dalgunha, como vai o SLG a continuar a loita pola defensa do prezo?

No SLG sempre se tomaron as decisións que a xente, a afiliación, creou oportunas en cada momento e neste momento a xente do Sindicato Labrego Galego tira para diante para defender o tema do prezo, tamén para que os gobernos entendan que teñen toda a responsabilidade en esta crise e se esa responsabilidade non a resolven e polo tanto, pola vía política, non se lle pon ao leite un prezo que cubra custes de produción e non se pon unha limitación a que se siga producindo para non ter excedente na Unión Europea, evidentemente as accións reivindicativas vanse dar agora e repetitivamente, iso é o que queremos demandar coa TRACTORADA do día 17 e que as administracións e os gobernos teñen que gobernar para os gandeiros e gandeiras e non para as multinacionais, e iso é polo que a xente decidiu en asemblea convocar a tractorada para o mércores día 17 en todo o País.



Novamente o Sindicato Labrego Galego foi convidado pola mocidade galega organizada para achegar as problemáticas e características da vida dos labregos e labregas da Galiza.

Nesta ocasión, rapaces e rapazas de AMI contaron con Lidia Senra, Secretaria de Organización do SLG, para desenrolar a palestra "Crise e alternativas no Rural" dentro das "XI Jornadas da Mocidade Independentista. Crise: Alternativas e Resistencia", celebradas no pasado mes de Abril en Santiago de Compostela.

Dende o Sindicato Labrego Galego valoramos moi positivamente os esforzos que a mocidade da Galiza está a levar a cabo na procura dun outro modelo de vida para o pobo galego e a sociedade civil en xeral, lonxe do actual sistema capitalista guiado polas regras do neoliberalismo, unicamente preocupado pola obtención de grandes beneficios para as empresas a costa de empeorar as condicións de vida das persoas.

Asemade, o SLG entende propostas de acción conxunta coma esta, provinte dunha mocidade maiormente urbana, como un profundo xesto de complicidade, recoñecemento e apoio aos labregos e labregas do País, alentando a forza do agro galego para levar adiante con éxito as nosas reivindicacións.

Demandamos un prezo que nos permita vivir do noso traballo

O 23 de abril, na Mariña de Lugo, dúas granxas produtoras de leite tiveron notificación de que non tiñan a quen entregar o leite ese mesmo día.

Era a reacción de Leite Río á demanda de prezo que esas dúas explotacións lle fixeran o día anterior ao inspector da industria, despois de seis meses sen poder falar con el, período no cal o prezo descendera dun xeito constante.

A partir dese momento, o sector na comarca ficou conmocionado; estábamos diante da concreción da chantaxe constante á que a industria ten sometido ás explotacións: se non me entregas o leite ao prezo que eu che marco, déixochos sen recoller.

Dúas horas despois de recibir a notificación, vía buro-fax, e avisándose boca a boca, máis dun cento de gandeiros e gandeiras, coa presenza da Secretaria Xeral e da responsábel do sector lácteo do SLG, concentráronse para dar unha resposta colectiva á agresión: había que facer algo, non se podía permitir que o froito do noso traballo ficara sen valor pola actitude prepotente dunha industria.

Nunha asemblea improvisada, os/as presentes acordaron tentar paralizar a recollida da ruta da empresa, para forzar a que se lle recollera o leite ás dúas explotacións afectadas. Nun primeiro momento localizouse unha cuba estacionada, e desprazámonos a ese punto para agardar a chegada do camiión; pouco despois soubemos que estaba a recoller noutra explotación de Ribadeo.

Nese momento xa eramos máis de duasetas as persoas que estábamos dispostas a impedir a recollida nesa ruta, a menos que se levara o leite de todas as explotacións. Postos en contacto co alcalde do Concello de Barreiros, comunicámoslle a decisión e pedímoslle que mediera diante da Consellería de Medio Rural para solucionar o tema; a resposta do Conselleiro foi que se trataba dun problema individual de dúas explotacións, e que nada ía facer.

A resposta da Consellería defraudou as expectativas dos/as concentrados/as:

non se trataba do problema individual, senón que todas as explotacións sofren a mesma situación de chantaxe, e isto tiña que saberse. De novo en asemblea, os gandeiros e as gandeiras decidimos que o día seguinte había que tentar reter o maior número de camiións de recollida da empresa agresora, para que o problema se visualizara na súa xusta dimensión.

O domingo, en moitos puntos de Galiza, camiións de Leite Río foron paralizados: o sector lácteo galego reacciona contra o que se sabía que era unha agresión en toda regra ao conxunto do sector.

Os días seguintes o problema seguía e agravábase: cada día que pasaba as dúas explotacións tiraban á fosa do purín seis mil litros de leite, unha situación desesperante para dúas familias que fixeran da produción de leite o seu xeito de vida. Non se podía agardar máis, e o SLG convocou unha concentración diante da Consellería do Medio Rural para esixir a implicación da Xunta na resolución do problema.

Non foi até o mércores (cinco días tirando o leite), despois da reunión da Mesa do Leite cando outra empresa se puxo en contacto coas ganderías afectadas para efectuar a recollida.

Non podemos pasar por alto o feito de que o sector lácteo galego está sufrindo unha grave crise derivada da situación dos prezos por debaixo dos custos de produción: este é realmente o problema, e que se manifesta na absoluta prepotencia coa que a industria impón as súas condicións ás explotacións. O problema que se xerou na Mariña non é máis que a concreción máis cruda desta situación, e que só se resolverá cando consigamos garantía de recollida e de prezo que cubra os custos de produción e remunere dun xeito xusto o traballo. Este foi o lema das mobilizacións que o sector levou adiante en datas recentes, e todo parece indicar que imos ter que seguir.



O valeirado de cisternas en varios puntos do País foi a resposta inmediata á agresión, adoptada polos gandeiros e gandeiras e apoiada polo SLG. Na foto en Cospeito, A Terra Chá.



Rolda de Prensa no local do SLG en Santiago: Lupe Prado (Responsable do sector do Leite), Carme Freire (Secretaría Xeral) e Adolfo Cabarcos (Secretario de Sectores Gandeiros) o luns 25 de maio.



Lupe Prado, con forza e con orgullo de ser gandeira e do SLG, dirixese aos manifestantes en Santiago.



Vista da manifestación diante da Consellería o mércores 27 de abril

Loitamos polo dereito a seguir falando das nosas aldeas



O Sindicato Labrego Galego participou na histórica manifestación a prol da nosa lingua que tivo lugar o domingo 17 de maio en Santiago de Compostela.

A lingua é un dos nosos sinais de identidade máximo como pobo e temos a obriga e responsabilidade de potencialo, garantindo a conservación deste noso patrimonio tan prezado, tomando con seriedade o deber de trasladarlllo ás futuras xeracións.

Aos labregos e labregas deste país correspondeulle grande parte de responsabilidade no mantemento da nosa lingua. Do contacto coa terra ao longo dos séculos xurdiron as verbas para nomear todo o que nos rodea. A nosa xente devanceira tiña un nome para cada cousa, e chamaba cada cousa polo seu nome.

Do mantemento dun medio rural vivo, depende a conservación dunha parte fundamental do noso idioma. Queremos seguir levando as vacas a pacer, indo apañar castañas, aciñar nas patacas, ensilar, debullar e levar a abeberar o gando á fonte.

No Sindicato Labrego Galego estamos loitando arestora por seguir producindo leite, pero é irrenunciábel seguir muxindo en muxidoras, non en ordeñadoras; e non estamos dispostas a mudar a corte polo establo.

No Sindicato Labrego Galego partimos de que un pobo só pode respectar as culturas dos demais se é quen de respectar a identidade propia, é por iso que ao orgullo de ser labregas e labregos produtoras e produtores de alimentos engadímoslle o feito de selo en galego.

Atopámonos nun momento no que a nosa lingua, ao igual que as nosas posibilidades de futuro, están fortemente ameazadas. O modelo neoliberal alienante e simplificador ataca na riqueza da multiculturalidade, na propia existencia dos recursos naturais e na biodiversidade, nos dereitos sociais e humanos.

Nós, as labregas e labregos da Galiza, procuramos un outro modelo, baseado no respecto ás persoas e á súa identidade.

Os argumentos empregados polos sectores que atacan o galego son absolutamente falsos e só se explican dende a concepción que teñen, mesmo sendo galegos de nacemento, de que todo o que é da Nosa Terra ten menor valor e que o progreso vén de fóra.

Esta idea da Galiza como colonia fai que unha vez e outra descubramos nestes sectores

como prioridade a defensa de intereses foráneos, e o esquecemento total dos intereses económicos, sociais e culturais da Galiza.

Rexeitamos ademais as mensaxes insultantemente demagóxicas que levamos aturando nestes últimos meses. O galego é a única lingua na Galiza que está experimentando un alarmante retroceso no número de falantes, así como unha perigosísima contaminación por parte do castelán e unha significativa perda na súa riqueza de vocabulario, asociada á perda de aspectos intrínsecos da nosa cultura.

Preocúpannos todas as mensaxes que están saíndo publicamente e que atacan á nosa lingua, e agardamos que a clase política que está hoxe no Goberno estea á altura de non dinamitar por cuestións partidarias un ben patrimonial do pobo galego.

Dende o SLG animamos a todas as persoas a que fagan da defensa da nosa lingua unha cuestión fundamental na súa vida, todos os días, a ser universais falando das nosas aldeas, e para iso cómpre que loitemos xuntas e xuntos, todo o noso pobo, por manter as nosas aldeas, e a nosa lingua.

Continúa a loita contra a extracción de cuarzo na Terra Chá

O Sindicato Labrego Galego vén de persoarse no contencioso administrativo que Erimsa interpuxo contra dous Concellos da Terra Chá (Cospeito e A Pastoriza) de, mediante a fórmula do *silencio administrativo*, non conceder as licencias solicitadas para a extracción de cuarzo.

Ao SLG foille comunicada esta posibilidade en días pasados por parte destes dous concellos, que se integran no proceso como demandados.

Para a nosa organización é moi importante seguir tendo a posibilidade, esta vez no Xulgado, de opoñernos a estas concesións de licencias.

Á espera de que nos trasladen por parte do Xulgado o expediente e a demanda de Erimsa, cómpre lembrar brevemente este proceso:

No mes de maio de 2008 Erimsa presenta en Cospeito, Pastoriza, Castro de Rei e Abadín solicitude de licencia para a extracción do cuarzo, que estivo a exposición

pública, e contra a cal presentamos centos e alegacións.

Tamén no ano 2008 Erimsa tiña presentado escrito nos concellos para que pasados os tres meses dende a presentación o silencio administrativo lle fose considerado positivo. Todos os municipios emitiron resolucións no sentido contrario, contra as cales Erimsa interpuxo recurso.

O Sindicato Labrego vai a seguir utilizando todas as armas que teña ao seu alcance para evitar que esta actividade extractiva se implante na comarca porque consideramos que traería consigo o inminente peche de explotacións pola perda de base territorial.

Cos traballadores/as de PASCUAL

A loita que os traballadores e traballadoras da planta de Outeiro de Rei, de PASCUAL na defensa dos seus postos de traballo e pola permanencia da factoría, é tamén a nosa loita (do SLG) e a de todo o sector lácteo.

O apoio mutuo nas loitas é preciso na procura dunha solución para todo o sector.

O informe desfavorable de Traballo ao ERE, é unha batalla gañada, pero aínda queda moita guerra por diante.



Na foto, o Comité de empresa de PASCUAL na mobilización convocada polo SLG en Santiago.

A actitude irresponsábel da UE agrava inda máis a situación do sector leiteiro

Tanto a Comisión Europea como os ministros e ministras de agricultura da UE, reunidos o luns 25 e o martes 26 en Bruxelas co fin de analizar, entre outros puntos, a actual situación pola que pasa o sector lácteo, amosaron unha actitude totalmente negligente e irresponsábel ao declinar a posibilidade de establecer medidas contundentes que rematen coa actual crise.

Dende Bruxelas, e tras terse reunido co presidente do Consello de Ministras/os de agricultura, Lidia Senra Rodríguez, secretaria de organización do SLG e responsable dos sectores

gandeiros na Coordinadora Europea Vía Campesina, declarou que a opción proposta dende o Consello de adiantar para o 2009 o 70% das subvencións establecidas para o sector

produtor no 2010 "non é solución ningunha, "xa que eses cartos son do sector, xa lles correspondían houbera ou non a catástrofe situación actual. Un "plan de choque" precisa de outro orzamento, uns fondos novos, non os que xa eran dos produtores e produtoras".

Estes cartos para o sector foran xa establecidos en reformas anteriores, para seren adicados a outros conceptos, así que non constitúen en absoluto unha iniciativa nova de "medida" para paliar a crise, senón un xeito de encamiñar ao sector cara un maior endebedamento, xa que se o que obtemos é un adianto das axudas do 2010, como

en nome do sector produtor por medio da Coordinadora Europea Vía Campesina, terían que engadir un outro orzamento, non "reciclar" o que xa lle pertence ao sector por dereito.

A solución desta crise non reside unicamente no apoio económico, senón que a vía de recuperación real e consecución da estabilidade para o sector é a vía política, a dunhas leis elaboradas polo Consello de Ministros e Ministras da UE pensando nas persoas e non nas empresas que se disputan o mercado inter-

agraria teñen que ir encamiñadas, no que respecta á situación pola que agora está a pasar o sector produtor, a garantir unha renda suficiente a todos os produtores/as de leite, algo só posible a través dun control, dunha mellor distribución da cota e dun prezo mínimo de compra por parte das industrias lácteas.

Dende a Coordinadora Europea Vía Campesina seguiremos a facer actuacións a nivel europeo para acadar a consecucións destas nosas demandas, e seguiremos apoiando ás organizacións que, como fixeron o Sindicato Labrego Galego na Galiza e a Confédération Paysanne en Franza, están a levar a cabo mobilizacións para acadar unha nova política europea que garanta prezos que remuneren o noso traballo.

A situación de crise actual confirma que as medidas elaboradas polo Consello de Ministros e Ministras de Agricultura no que deron en chamar "chequeo médico da PAC" son totalmente equivocadas, non se axustan á realidade do sector e moito menos vai encamiñado a obter unha mellora na situación das persoas que producen leite.

Estas decisións foron unha total irresponsabilidade e inda é máis irresponsábel seguir a manter esta política, rexeitada totalmente polas labregas e labregos, como están a demostrar as mobilizacións que están tendo lugar en toda Europa.

Lidia Senra transmitiulle ao Presidente do Consello Agrícola europeo a necesidade de garantir un prezo base mínimo para o leite



De esquerda a dereita: Gerard Choplin do Equipo de traballadores/as da Coordinadora Europea Vía Campesina, Rafael Hernández do Comité de Coordinación, Sebesta Jacob Presidente do Consello Agrícola e Lidia Senra do Comité de Coordinación.

Unha delegación da Coordinadora Europea Vía Campesina reuniuse co Presidente do Consello Agrícola Europeo, o Ministro de Agricultura checo, Sebesta Jacob.

Entre as integrantes da delgación atopábase Lidia Senra Rodríguez, Secretaria de Organización do SLG, que foi a encargada de transmitirlle ao Presidente a situación de crise e de mobilizacións nas que se atopa o sector lácteo a nivel europeo (Galiza, Francia, Portugal e Bruxelas) así como as propostas da Coordinadora Europea Vía Campesina para saír da mesma.

Prantexámoslle a necesidade de que da reunión do Consello Agrícola saian con acordos claros sobre a necesidade de garantir prezo que cubra costes e traballo. Para isto cómpre que reconsideren os acordos de novembro sobre liberalización do mercado do leite, eliminando xa o incremento do un por cento anual da cota, reducindo a produción global europea ate equiparala ao consumo e redistribuíndo a produción entre produtoras e produtores da UE, mantendo o control público da produción.

é necesario suprimir o aumento da cota do 1% deste ano e acometer a redución da cota global europea até obter un equilibrio entre a oferta e a demanda

faremos para o ano que vén?

Polo tanto, se a Comisión quixera facer un "plan de choque" para evitar que pechen explotacións, até que foran postas en marcha as medidas que solicitamos

cómpre manter un control público da produción

nacional.

Neste senso, dende a Coordinadora Europea Vía Campesina, ao igual que dende o SLG -que forma parte desta organización internacional- instamos á Unión Europea a reducir a produción: é necesario suprimir o aumento da cota do 1% deste ano e acometer a redución da cota global europea até obter un equilibrio entre a oferta e a demanda.

Por outra banda, cómpre manter un control público da produción, a UE ten que dar marcha atrás na decisión de abandonar as cotas en 2015.

As medidas políticas elaboradas dende os órganos europeos que regulan a produción

O SLG asina un convenio de colaboración con ACIVEGA

Un apoio científico e profesional importante nas nosas reivindicacións



Carme Freire, Secretaria Xeral do SLG e Uxío Rey, Presidente da Fundación para o Avance Científico da Veterinaria en Galicia (ACIVEGA), na rolda de prensa posterior a sinatura do convenio.

O pasado tres de xuño tivo lugar en Compostela a sinatura do convenio de colaboración entre a Fundación para o Avance Científico da Veterinaria en Galicia e o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas.

Entre as actuacións comprendidas no marco do Convenio poden citarse as seguintes:

- Accións formativas.
- Accións informativas e divulgativas.
- Prestación de servizos.
- Publicación de textos.
- Presentación de propostas

comúns diante das Administracións públicas e entidades privadas.

Exemplos da estreita colaboración mantida entre ambas dúas entidades foron as propostas que para os produtos caseiros levamos feito de xeito común, ou o desenvolvemento e recuperación de razas autóctonas como a Galiña Piñeira e, máis recentemente, servizos que dende a Fundación se prestan ás explotacións que demandan o aconsellamento no eido gandeiro.

PREZOS E SOLIDARIEDADE

Xabier Gómez Santiso

Toda a produción agraria padece dende hai moito tempo un problema de prezos que fai que esta actividade sexa cada vez peor remunerada, e polo tanto vaia mermando o seu número de efectivos.

Non obstante todas as produtoras e produtores, tanto de produtos agrícolas coma gandeiros, saben que o seu é un problema colectivo, e que require unha solución colectiva. Haberá máis ou menos predisposición a levar a cabo unha loita activa para conseguir cambiar a situación a mellor, pero teñen claro que hai un único camiño.

No sector lácteo isto non é así, e non o é porque no seu momento se lle tentou demostrar que isto funcionaba xusto ó revés. Houbo un tempo no que os prezos de unhas explotacións (as máis grandes) eran moito máis elevados que os de outras con menos produción; a industria primaba as grandes explotacións á conta de castigar as máis pequenas pero o prezo medio do leite, no peirao de fábrica seguía sendo baixo, polo que á

industria íalle moi ben.

Agora as explotacións máis pequenas, na súa maioría, foron pechando as portas, polo que á industria xa non lle interesa esa diferenciación xa que non lle permitiría ter abondo baixos os prezos medios, polo que este sistema de división entre produtores desapareceu, pero aínda funciona nos esquemas de pensamento: en lugar de pensar que o problema é de todos, moita xente pensa que ten un problema por culpa de outros ou outras produtoras que si que lles vai moi ben.

Como isto a nivel local non se mantén moito, agora internacionalizouse o discurso da mentira, por iso oímos dicir moitas veces que os culpábeis dos nosos malos prezos son os franceses, os polacos, etc. Como se aos produtores destes países lles fora mellor cá nós. O caso é botar balóns fora e dividir o sector produtor, e moitas e moitos caémoslles no xogo, moitas veces por que nos meteron esa idea e simplemente a propagamos, outras veces por medo ..., si, por medo. Cando dúas explotacións da mariña de

Lugo quedaron sen recollida un número importante de gandeiros e gandeiras optaron por enterrar a cabeza na area, coma o avestruz, incluso, en algún caso chegaron a xustificar a actitude da industria, xustamente por medo a que lles puidera ocorrer o mesmo á súas explotacións.

Este é o camiño equivocado. É o camiño da división entre nós, do medo e da insolidariedade. É xusto o que buscan os nosos adversarios: a gran distribución, os especuladores. Só mirando ó propio embigo podemos pensar que hai solucións para uns á conta da condena de outros. Non podemos esixir a unidade de siglas ós sindicatos, se no cotián mantemos a división e a insolidariedade entre as persoas, e culpamos ós veciños dos nosos males. A solución é para todos e todas ou para ninguén, e só a solidariedade e a loita común pode dar froitos.

Na guerra dos nazis houbo un pastor protestante chamado Martín Niemoeller, que fixo popular un sermón no que explicaba como á conta de esconder a

cabeza e deixar facer, a poboación permitira o avance do nazismo. Decía máis ou menos así: *"Primeiro viñeron os nazis a buscar os comunistas e calei porque non era comunista; cando prenderon os socialdemócratas, calei porque tampouco era socialdemócrata; cando viñeron polos sindicalistas, non protestei porque non era sindicalista; cando levaron os xudeus, non protestei porque non era xudeu; agora veñen a buscarme a min, e xa non queda ninguén que poida protestar"*.

Este sermón define moi ben as consecuencias da insolidariedade e da división entre a xente; debemos aprender del e evitar que esta insolidariedade e o egoísmo non acabe carcomendo ata destruírnos. Plantexemos pois unha loita común para dar saída entre todos ao importantísimo problema dos prezos.

Todas e todos xuntos podemos, e debemos botarlle a valentía e a coraxe que faga falta, xa que está en xogo o noso pan e a nosa dignidade.

Ana Rodríguez, Secretaría de Desenvolvemento Rural

Quen queda cos cartos da PAC?

As axudas da Política Agraria Común (PAC) son, na súa maior parte, para as industrias e os operadores comerciais europeos, e nunha pequena porcentaxe, para as labregas e labregos. Galiza só recibe o 2,99% do total do Estado.

Hai a crenza xeralizada de que os cartos da PAC son moitos, que os consumimos os labregos e as labregas da UE, e que sempre nos estamos queixando a pesar da morea de cartos que nos dan. Hai xente que pensa que estamos moi subvencionados e que por eso temos que producir alimentos baratos.

Os cartos da PAC saen dos orzamentos comunitarios e páganse a través de dous fondos:

1- FEAGA que inclúe os pagos directos, intervención, restitucións á exportación e medidas de promoción

2- FEADER que inclúe as medidas que están nos Programas de Desenvolvemento Rural.

Despois de moitos anos, publícanse con nomes e apelidos quen cobra os cartos da PAC en toda a UE. Os xigantes do sector agroalimentario son os principais beneficiarios das axudas agrícolas europeas, ademais da raíña de Inglaterra, o Príncipe Carlos, a

Duquesa de Alba e ata algún ministros. O problema é que estes non aparecen con nomes e apelidos senon a través de unha ou varias sociedades.

Podemos concluir que a PAC sae cara porque se como di o Ministerio na páxina do FEGA as axudas teñen que estar en proporción á importancia do servizo que prestan á sociedade europea, o servizo grande préstano as empresas e non os labregos e as labregas ; non garante un nivel de vida razoable aos labregos e labregas nin contribúe a que o medio rural sobreviva.

O cacho enorme do pastel cóbrano o que lle chaman "industrias e operadores comerciais europeos". Entón, haberá que chamarlle ás cousas polo seu nome: As axudas da Política Agraria Común son, na súa maior parte, para as industrias e os operadores comerciais europeos e nunha pequena porcentaxe para as labregas e labregos.

Só de pagamento único hai moitas S.A ou S.L. ou outro tipo de empresas que cobran máis de un millón de euros.

En Galiza temos en total 8 explotacións que cobran máis de 100.000 euros de pagamento único na campaña de 2.008. Normalmente son SATs ou cooperativas resultado da fusión de varias explotacións.

Na mesma campaña de 2.008 o 31,67 % dos beneficiarios do pago único estaban en Andalucía e só o 5,11% na Galiza. En Andalucía cobraron o 35,68% dos importes totais do Estado español mentras que na Galiza cobramos o 2,99 % .

Na campaña de 2.005 27.196 explotacións cobraron menos de 1.000 euros, é dicir o 50,26 % e 11.187 entre 1000 e 2.500 euros, é dicir o 20,68%.

O 71% das explotacións galegas cobraron no 2.005 menos de 2.500 euros de pagamento único e o 86,31% cobraron menos de 5.000 euros .

Obxetivos da PAC Segundo o Goberno do Estado

Na páxina web do FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria, www.fega.es) indicase que a PAC ten os seguintes obxetivos:

"Asegurar unha oferta estable de alimentos sans e asequibles á poboación da UE"

"Proporcionar un nivel de vida razoable aos labregos a ás labregas permitindo, ao mesmo tempo, a modernización e desenvolvemento da industria agroalimentaria"

"Asegurar que todas as rexións da UE poidan manter a agricultura"

E sigue: "Lograr estes obxetivos require ofrecer aos labregos, industrias e operadores comerciais europeos as compensacións económicas precisas para que orienten os seus recursos e esforzos a eses propósitos; compensacións que teñen que estar en proporción á importancia do servizo que prestan á sociedade europea: a garantía de abastecemento alimentario en cantidade e calidade, imprescindible para a cohesión social das sociedades que a integran e para a saúde individual de todos os cidadáns"

E sigue: " no seu conxunto a financiación da PAC costa aproximadamente uns 50.000 millóns de euros ao ano. Se se ten en conta que gracias a este coste garátese un subministro de alimentos sanos e a vitalidade do medio rural, non se pode concluir que a PAC sexa cara".

A realidade é outra moi diferente

O cacho enorme do pastel cóbrano o que lle chaman "industrias e operadores comerciais europeos" que para nada aseguran o manter a agricultura e tampouco proporcionan un nivel de vida razoable aos labregos e labregas.

Algúns exemplos de pagos distintos dos directos do FEAGA:

- Productos alimenticios Gallo S.L. 3,2 millóns de €
- Grupo Leche Pascual: 1,5 millóns de euros
- Complejo Agrícola S.A.: 4,3 millóns de euros
- Alcoholes de Tomelloso S.A.: 15 millóns de euros
- Azucareras reunidas de Jaen: 31,9 millóns de euros
- Industrias lácteas asturianas: 15 millóns de euros
- Corpor. Alimentaria Peñasanta S.A: 12 millóns de €
- Azucarera Ebro S.L. : 7,6 millóns de euros

Axudas a Galiza na Campaña 2005 (pagos directos)

€	Número	%	Importe (€)	%
Máis de 50.000	27	0,05%	1.983.794,57	1,5%
De 10.000 a 50.000	2.412	4,46%	38.848.877,51	29,3%
De 5.000 a 10.000	4.970	9,19%	34.315.512,15	25,9%
De 2.500 a 5.000	8.314	15,37%	29.456.819,66	22,2%
De 1.000 a 2.500	11.187	20,68%	18.682.073,21	14,1%
Menos de 1.000	27.196	50,26%	9.391.952,42	7,1%
TOTAIS	54.106	100,00%	132.679.029,52	100,0%

As explotacións de horta e viñedo non cobran nada dos pagos directos.

É responsabilidade da Xunta defender un dereito histórico do sector da horta

Precisamos da venta directa

Durante o último ano, no sector da horta, houbo moitos problemas para a venda nos mercados de abastos, tendas e distribuidores, por parte das horticultoras e horticultores, porque se lles esixiu ter Rexistro Sanitario para poder comercializar os seus produtos.

Presuntamente esixíanllo por mor de cumprir a Lei da trazabilidade, e a partir de ahí comeza unha carreira sen sentido para que cada labrega/o obteña o seu número de Rexistro Sanitario, legalizando un local que probablemente nunca use para o fin de envasar, e que custa uns cantos miles de euros.

Na maior parte dos casos o que se pretendía detrás desta suposta mellora da seguridade ali-

mentaría era o de *facer limpeza* de produtoras/es nos mercados e distribuidoras.

As/os que non entraron polo aro tiveron e teñen problemas para vender as súas hortalizas.

Dende o SLG cremos que hai que estudar cada caso independentemente para saber se é ou non necesario dito rexistro, pero o que manifestamos é que na maioría dos casos non é legalmente

esixible dito requisito:

-Segundo a lei de Trazabilidade que entrou en vigor o 1 de Xaneiro do 2005, cando un agricultor/a vende directamente a súa produción ao consumidor/a ou a unha

tenda non é necesario ter número de Rexistro Sanitario.

- A trazabilidade pode ser garantida con calqueira outro número coma pode ser o CIF, ou o CEA da explotación, pero non ten nada que ver con ter ou non ter o Rexistro Sanitario.

A Administración non pode ser allea á realidade e debe informar a labregas/os, maioristas e comerciantes da verdade neste asunto para facilitar as cousas a todos.

Facemos un chamado á Xunta de Galiza para que tome medidas e pare este sensentido que para o único que serviu foi para que algúns/as gañaran cartos con estes trámites e para limpar de produtoras/es os mercados.



Comercio Xusto en Santiago de Compostela o 9 de maio de 2009

As normas fitosanitarias e de control como exclusión da economía labrega

A Administración está a entregar nos mercados locais un formulario para que ás labregas e labregos deste País que fan venda de planta propia se inscriban coma produtoras/es de plantas de viveiro.

Nisto da competencia global, as transnacionais e os gobernos actúan coa súa lóxica. A lóxica de que "como eu non podo sacarte do mercado porque es produtor ou produtora de leite cru, prohibo o leite cru e acabouse o negocio". Ou se facemos marmeladas tentan botarnos amparados na normativa hixiénico-sanitaria e obrígonos a ter unhas instalacións de tipo industrial.

As normas sanitarias están afectando o conxunto da produción agraria

labrega.

Xa enfrontamos a loita da prohibición do comercio do leite cru, a augardente, a matanza, e a teima do produto caseiro ou labrego.

Agora as labregas e labregos que tradicionalmente facemos a planta para as nosas explotacións e vendemos parte dela nos nosos mercados locais e na casa, estamos outra vez no punto de mira da Administración e os grandes grupos empresariais.

Dende o SLG, enten-

demo e sentimos esta manobra coma un paso máis no roubo e usurpación do dereito colectivo que como labregas e labregos temos a producir, regalar, intercambiar e vender as plantas producidas por nós mediante sistemas tradicionais de selección, mellora e multiplicación das mesmas. Actividade que realizan os pequenos labregos e labregas do planeta dende hai séculos".

Isto é clave. Non falamos dunha produción

especializada, senón que aparece asociada a outros cultivos ou producións como unha diversificación económica da propia explotación, que contribúe a mellorar os ingresos, en particular, das labregas.

"Esta actividade utiliza con eficiencia os recursos locais, require poucos insumos e fai importantes contribucións de carácter económico, social e cultural, ao melloramento das condicións de vida dos fogares labregos.

O feito de que intenten controlar e obrigar as labregas e labregos a cumprir os requisitos no mesmo nivel cas empresas e industrias produtoras de sementes é un ataque máis ao intento de

acadar o dereito á soberanía alimentar do noso pobo, dereito no que temos moito que dicir.

Falan de servizo técnico, de instalacións apropiadas, cámaras frigoríficas, rexistro de variedades, control das labregas, control das parcelas e da comercialización das plantas. Isto é máis control, máis burocracia e menos recoñecemento da laboura de mellora e mantemento de variedades locais, de preservación da nosa biodiversidade, dun medio rural vivo con persoas, labregas e labregos produtores de alimentos.

Otra vez máis o SLG SEGUIRÁ LOITANDO POLOS NÓSOS DE-REITOS.

O Decreto de regularización do viñado

Unha estafa ao sector produtor

Obrigase ás propietarias/os de viñado irregular (os plantados sen dereitos antes do 1/09/1998) a pagar o dobre do custo de mercado, dos dereitos de plantación de viñado para a súa regularización, cando suposta-

Con data do 15 de maio de 2009 ven de publicarse no DOG - (n° 94) a Orde pola que se establece o procedemento para a regularización das superficies de viñado que foron plantadas antes do 1 de setembro de 1998 sen contar cos correspondentes dereitos de replantación, e polo tanto sen os correspondentes permisos.

Isto vén regulado pola nova OCM do viño, a cal obriga aos viticultores/as a regularizar aqueles viñedos plantados antes do 1 de setembro de 1998 e sen autorización, e que en caso contrario, a partir do 1 de xaneiro de 2010 obrigarase ao viticultores/as ao

arrinque destes viñedos "irregulares"; impondo o pagamento de multas até que se produza o arrinque de ditos viñedos.



Para poder regularizar estas superficies de viñado establécese unha compensación por hectárea

mente no ano 2015 as plantacións estarán liberalizadas e poderanse plantar as viñas que se queira sen precisar dereitos. Amais a crise pola que atravesamos o sector fai inviable a regularización a un custo tan elevado.

de cultivo do viñado, é dicir os viticultores/as deberán facer un pagamento dunha sanción de 7.214 €/Ha de viñado a legalizar.

Logo tra-la presentación das solicitudes recibírase unha resolución, en caso favorable de regularización teremos un mes para pagar a cantidade de euros que se terá que aboar pola superficie de viñado que se vai regularizar e indicar en que conta e entidade se deberá ingresar. En caso desfavorable o viñado deberá ser arrincado antes do 1 de xaneiro de 2010.

Están exentos de regularizar aqueles viñedos cunha superficie

de viñado inferior a 1.000 m² e cuxa produción se vaia destinar ao consumo familiar, é dicir que o viticultor/a non se adique á produción comercial de viño. Neste caso deberase solicitar a autorización para exención de arrinque de superficies de viñado irregular mediante o anexo II de solicitude, acompañado da mesma documentación e dentro do mesmo prazo.

A regularización destes viñedos é condición para obter axudas e subvencións suxeitas á OCM, como as axudas á Reestruturación do viñado.

Para máis información consulta a reseña na pax. 14, Eira ou acude ao local do SLG da túa comarca

Curso de viticultura ecolóxica en Ribadavia

Durante os días 19, 20 e 21 de maio o Sindicato Labrego Galego organizou un curso de viticultura ecolóxica e biodinámica en Ribadavia, contou cunha numerosa asistencia de viticultores/as, persoal técnico de adegas da comarca e investigadores do departamento de enoloxía do campus de Ourense, da Universidade de Vigo.

A primeira xornada foi impartida por André Silva, técnico da Asociación AGRIDIN (Asociación de viticultores ecolóxicos e bio-dinámicos de Portugal). Durante a mañá André expuxo os diferentes traballos na primavera e verán: tales coma a importancia da xestión da cuberta vexetal, a cal pódese iniciar coa sementeira nos meses do outono con gramíneas (coma aveia, centeo a doses 100-150 Kg/Ha), combinando con algunha leguminosa, coma veza, trevo ou fabaca brava (Lupinus) a doses de 20-25 Kg/Ha), sendo o ideal a flora espon-tánea.

A importancia destas cubertas, vai dende absorber o exceso de auga na terra controlando deste xeito o exceso de vigor, tan problemática na purga, ao aporte de autofertilización e cobertura do chan, xa que a palla reflexa a luz do sol e mantén o solo fresco no verán, ademais do control de plantas non desexables na nosas viñas coma a grama, que mobiliza moitos nutrientes pero tamén os

almacena, non quedando así a disposición das nosas viñas, pero que mediante sementeiras de aveia ou centeo podemola controlar. Outro dos puntos a tratar foi as intervencións en verde, desladroamento, amarre, despuntes..., onde as puntas teñen unha importante función hormonal polo que esta operación de despunte recoméndase realizala trala floración e non antes, deixando para agora a eliminación das netas.



A regulación dos pulverizadores foi outro punto onde o técnico André incidiu, debido a importancia dunha cuberta homoxénea en finas gotas que cubra ben toda a folla, e tamén coa fin de reducir a cantidade de caldo por hectárea para que o tratamento se adhira a folla con maior rapidez.

A protección fitosanitaria centrou gran parte da xornada nos seguintes días; a base desta protección en ecolóxico ou en biodinámica é o cobre, ben en forma de hidróxi-

do ao inicio e logo de cara os últimos tratamentos o caldo bordes, combinado con distintos preparados a base de plantas.

A elaboración destes preparados realízase o último día do curso, recolléronse ortigas para elaboración de extractos fermentados, empregado como bioestimulante, eucalipto e allos para preparación de extractos hidroalcolólicos, empregados como insecticidas e insectífugos, e tamén se fixo a elaboración de preparados 501, a partir de roca de sílice finamente moída e introducida dentro dun corno de vaca que logo tras 6-7 meses soterrada empregárase en pulverización como activador do metabolismo da planta e tamén o preparado 504 como activador da microbioloxía do solo e da compostaxe.

Estas xornadas son froito da demanda dun grupo de viticultura ecolóxica e biodinámica constituído no SLG do Ribeiro e que na actualidade está a realizar un ensaio de viticultura ecolóxica e biodinámica, en colaboración coa Consellería do Medio Rural e mais ca Facultade de Ciencias do Campus de Ourense da Universidade de Vigo a cal realizara microvinificacións de uvas provindes dos viñedos do ensaio para facer comparativas en canto a diversos parámetros, características organolépticas, etc, con respecto a mostos de uvas producidas en convencional.

A lactancia materna diminúe o risco de enfermidade vascular nas mulleres

Diferentes asociacións destacaron dende hai anos os múltiples beneficios para a saúde dos nenos e das nenas da lactancia materna, que tamén ten efectos positivos na saúde das mulleres. Colectivos médicos manifestan que hai unha relación directa entre amamentar un período longo e a diminución do risco de enfermidade cardíaca, que por outra banda é a principal causa de mortalidade das mulleres.

Segundo un estudo de Iniciativa de Saúde das Mulleres (WHI) no que participaron 139.681 mulleres posmenopáusicas, as mulleres que deron

o peito polo menos un mes tiñan menores taxas de diabetes, hipertensión e colesterol, factores que inciden todos no risco de enfermidades cardiovasculares. Aquelas mulleres que amamentaron nun período superior a un ano rexistraron porcentaxes un 10 por cento menores de infartos de miocardio e outras patoloxías como as enfermidades cardiovasculares.

Schwarz, especialista que dirixiu o estudo, sinala que "Canto máis tempo alimenta unha nai ao seu bebé, mellor para ambos os dous. O estudo proporciona outra boa razón para que as políticas sanitarias animen ás



O amamentamento favorece a maduración do sistema nervioso, polo que tamén favorece o aumento do coeficiente intelectual, sobre todo en nenas/os prematurados.

mulleres a dar de mamar aos seus fillos e fillas".

Dende a Asociación Pro-Lactación Materna Mámoa sinalan as

seguintes vantaxes:

As crianzas alimentadas mediante lactación materna están máis protexidas fronte á neu-

monía, a diabetes infantil, a otite, a obesidade, enfermidades gastrointestinais, diarreas, enterocolite necrosante, asma, alerxias e cancro (leucemia e linfomas). Diminúe o risco de morte súbita do lactante, estimula ao sistema inmunitario dos nenos e nenas, e estimula o vínculo nai-fillo ou filla-pai.

Protexe da osteoporose e do cancro de mama e de ovario á nai; Diminúe o risco de hemorraxia, hipertensión e depresión posparto; Axuda a recuperar o peso de antes do embarazo.

É cómodo, hixiénico e ecolóxico e sempre está dispoñible na cantidade axeitada.

As mulleres son as verdadeiras gardiás da biodiversidade

Na defensa das nosas sementes

As sementes autóctonas transmitíronse de xeración en xeración ao longo da historia e principalmente foron as mulleres as encargadas de conservar toda esta biodiversidade, sendo práctica habitual o intercambio entre os labregos e labregas das sementes adaptadas aos diferentes climas e mesmo a modelos alimentarios diversos. Grazas a esa práctica, cada ano podíamos sementar o millo do país, o repolo de Betanzos, o trigo callobre, a cebola de Piñeira ou a de Mondoñedo, os pementos de Herbón, as fabas de Lourenzá, a pataca fina de Carballo e centos e centos de variedades máis, que nos aseguraron poder alimentarnos onte e hoxe con produtos cheos de sabor e realmente saudables.

No modelo de agricul-

tura industrial só interesan unhas poucas variedades que lles permitan as empresas multinacionais obter a baixo prezo grandes cantidades de produto, que podan transportar dunha parte a outra do mundo, dende onde se podan obter co menor custo de salarios e garantías laborais para a xente do agro, mesmo onde contaminar non sexa un problema e non haxa moitas restricións no emprego de fitosanitarios, mesmo algúns prohibidos xa noutros lugares.

Baixo unha falsa aparencia de que hai moito onde elexir, nos supermercados e grandes áreas comerciais só se poden atopar unhas poucas especies industriais, producidas como monocultivos con grandes doses de agrotóxicos; sendo imposible atopar produto fresco e local, ou va-

riedades tradicionais.

A Vía Campesina vén de entregarlle ao Comité Director do Tratado Internacional sobre Recursos Fitoxenéticos para a Agricultura e a Alimentación unha declaración na que se denuncia o perigo de desaparición da enorme riqueza e variedade de sementes tradicionais dos nosos pobos, historicamente en mans do campesinado, que son substituídas por unhas poucas sementes industriais comercializadas polas empresas multinacionais.

No texto entregado denúnciase explicitamente cómo se está a crear unha dependencia total dos labregos e labregas respecto a estas corporacións: "non reproducibles e protexidas por dereitos de propiedade intelectual que lles pro-

hibe ao agricultores e agricultoras volver a sementar a súa colleita, estas sementes industriais son demasiado custosas para o pequeno campesiñado que non pode nin re-adquirilas cada ano, nin comprar os fertilizantes e os pesticidas para cultivalas. Destrúen así os cultivos alimenticios, os sistemas sociais, culturais e os coñecementos tradicionais das comunidades labregas e dos pobos indíxenas"

A Vía Campesina pídelo ao Comité director do Tratado que se aplique no conxunto dos países que asinan os dereitos dos labregos e labregas para conservar, utilizar, intercambiar e vender as súas sementes de explotación, protexelas da biopiratería, de contaminacións con xens patentados e de políticas agresivas que destrúen os sistemas so-

ciais, os agro-sistemas, os sistemas culturais e os coñecementos tradicionais asociados a estes. Pedimos suspender os dereitos de propiedade intelectual sobre as sementes co fin de permitirles aos labregos e labregas responderen o máis rápido posible a crises alimentarias, climáticas e enerxéticas.

Facilitar a conservación da facultade xerminativa das sementes e facer accesible ao conxunto do campesiñado do planeta os recursos fitoxenéticos tomados dos seus campos e pechados nos bancos de xens, para que os programas oficiais non sigan a distribuír sementes industriais non reproducibles, así como para que as organizacións campesiñas participen na elaboración das decisións.

Contra o cambio climático outro modelo de produción agraria é posíbel

Demandamos novas políticas agrarias respectuosas

No día mundial do medio ambiente o SLG quere denunciar e facer participe a cidadanía que a vida cotiá dos países "desenvoltos", modelo de benestar material, calidade de vida e progreso, depende enteira- mente dunha demanda enerxética e ecolóxi- ca irracional. O neoliberalismo, ten como base material o petróleo e un modelo de agricultura industrial petro-dependente en enerxía e insumos.

As políticas agrarias europeas e mundiais consensuadas entre os gobernos e as grandes multinacionais fortalecen e amplían o seu control sobre o sector agrario, desprazando a produción labrega de alimentos, mentres aumentan os seus beneficios económicos e afondan no modelo da agricultura industrial, entendida como a suma de monocultivos, biotecnoloxía, agrotóxicos e capital financeiro.

A industrialización é a destrución do agro, vai parella á expulsión dos labregos e labregas e deriva nunha agricultura sen persoas, afectando dende o campo a toda a sociedade.

Hai que denunciar publicamente a pasividade e o dobre xogo das institucións e os gobernos, que poñen os intereses económicos por enriba da alimentación e as necesidades nutricionais, ambientais e de saúde da cidadanía

Ante o cambio climático, o debate debe enmarcarse nunha transformación da economía e do noso estilo de vida cara unha produción e consumo responsables. A resposta é reducir o uso da enerxía e redirixir o mercado internacional cara os mercados locais.

A crise climática obriga a cambiar as políticas agrícolas, comerciais e enerxéticas.

É necesaria a reori-

entación das políticas agrícolas cara o medio rural, as explotacións agrarias poden contribuír a facer fronte ó cambio

con flores e froitas tropicais; os xigantescos navíos cerealeiros para traer soia que chegan ao noso País, etc.

madamente o 40% do consumo enerxético das explotacións, cara a producións máis autónomas e máis económicas en

Favorecendo o desenvolvemento de enerxías alternativas para autoabastecemento das mesmas nos eidos enerxéticos e alimentar.

As políticas agrarias teñen que ir enfocadas a producir a alimentación humana e animal que necesitamos no noso territorio e para iso precisamos que se manteña a superficie agraria actual das explotacións e ademais facilitar o acceso a nova superficie para desintensificar o modelo actual de produción de alimentos, un paso na loita contra o cambio climático que sería un avance no desenvolvemento do dereito a soberanía alimentaria que reivindicamos como pobo.

A Soberanía Alimentaria, (dereito a decidir sobre as políticas agrarias e alimentares do noso pobo), implica primar o emprego dos recursos locais para a produción de alimentos, minimizando as materias primas importadas para a produción así como o seu transporte, significa reorientar a produción cara o mercado local e de proximidade, adoptar estratexias para manter ás persoas no agro no lugar de expulsalas, utilizando e expandindo o coñecemento e o saber local, desenvolvendo modelos responsables o servizo da eficiencia, do emprego e do medio natural.



A produción ecolóxica e integrada que está en mans das multinacionais adoptan aspectos nocivos do modelo industrial con comportamentos irresponsables no uso de materiais contaminantes no envasado, na explotación das persoas, na intensificación, na deslocalización do produto e no alto custe enerxético do transporte.

climático por outras vías que as desenvoltas actualmente con gran reforzo de subvencións.

Temos que ter unha actitude responsable no consumo de alimentos e axustar o noso xeito de alimentarnos, coñecedoras de que o modelo industrial de produción e consumo é destrutivo. Transformar o comercio e o transporte de mercancías agrícola e alimentario: camións que transportan toda a cadea de carnes e lácteos, avións

Demandamos o apoio explícito dos gobernos e das institucións nun modelo de produción e distribución de alimentos baseado na agricultura labrega ca súa capacidade para xerar emprego, respectar a diversidade cultural e biolóxica e o seu efecto positivo contra o queñamento global.

Traballando de cara a trocar os métodos de produción (diminuindo prioritariamente o consumo de abonos nitrogenados) que representan aproxi-

madamente o 40% do consumo enerxético das explotacións, cara a producións máis autónomas e máis económicas en

Desenvolvendo modelos de produción sustentables baseados na agroecoloxía e recuperando a produción de alimentos, a partir de sistemas nos que a biodiversidade e a nutrición dos solos, reempracen as tecnoloxías contaminantes do petróleo.

Investigando como cubrir as necesidades enerxéticas e alimentarias das explotacións e do medio rural con produción propia e eficiente.

Subvencións para rehabilitación e renovación de vivendas no rural

Subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia (DOG 24 de Febreiro de 2009)

A Consellería de Vivenda e Solo convoca axudas para realizar actuacións de rehabilitación e renovación de vivendas no medio rural.

Para poder beneficiarse destas subvencións será necesario estar en posesión da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a

obtención da cédula de rehabilitación de calidade, ou estar en posesión da cédula de rehabilitación de calidade.

A contía da subvención non superará o 50% do orzamento que figure na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, sen superar a cantidade de 24.000€.

Poderán presentarse solicitudes de axuda ata o 1 de setembro de 2009.

Axudas ao gasóleo agrícola

Devolución das cotas do Imposto sobre Hidrocarburos soportado polas agricultoras e agricultores, gandeiras e gandeiros polas adquisicións de Gasóleo.

Dende os locais do SLG poderase tramitar esta solicitude.

Será preciso achegar a seguinte documentación:

- Copia do D.N.I.
- Código correspondente ao medio empregado para a utilización do gasóleo como carburante.
- Matrícula dos vehículos que efectuaron o consumo do gasóleo.
- Tipo e número de fabricación da maquinaria.
- Facturas do consumo de gasóleo agrícola entre o 1 de outubro de 2007 ao 31 de decembro de 2008.
- Código de identificación do Minorista (CIM), do establecemento no que se efectuara a adquisición do gasóleo.
- Listado dos cheques – gasóleo bonificado, se foron empregados, xunto co Código de Identificación do Minorista do establecemento onde se efectuou a adquisición do carburante.
- Identificación da entidade financeira e do código de conta corrente (c.c.c.) na que deban efectuarse as transferencias das devolucións.

O prazo para solicitar a devolución das cotas do Imposto sobre Hidrocarburos permanecerá aberto ata o 30 de xuño de 2009.

Decreto de regularización de viñado

Decreto 288/2009 do 7 de maio polo que se establece o procedemento para a regularización das superficies de viñado que foron plantadas antes do 1 de setembro de 1998 sen contar cos correspondentes dereitos de replantación, e polo tanto sen os correspondentes permisos.

Poderán solicitar a regularización os propietarios/as de viñedos plantado antes do 1 de setembro de 2008 sen os correspondentes permisos.

Deberase presentar nas oficinas agrarias comarcais, nas oficinas de Rexistro único da Xunta de Galiza ou en calquera das súas dependencias provinciais a seguinte documentación:

- Solicitude de regularización (anexo I).
- Fotocopia do NIF/CIF da persoa solicitante.
- Plano acoutado do SIXPAC, onde se aprecie con exactitude a superficie a regularizar.

O prazo para presentar as solicitudes de regularización de viñado remata o 30 de xuño de 2009.

Acceso á propiedade aos titulares de arrendamentos históricos e parzarías.

Estas axudas teñen por finalidade facilitar o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías.

As axudas poderán consistir nunha subvención directa de capital ou nunha subvención de tramitación.

O importe da subvención directa calcularase aplicando a porcentaxe do 35% ao valor

atribuído á superficie total do predio ou predios adquiridos.

Poderán subvencionarse en concepto de gastos de tramitación ata un máximo de 480€ para gastos de asesoría e ata un máximo de 180€ para gastos xudiciais.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 18 de xullo de 2009

Axudas á bonificación de custos financeiros de préstamos formalizados en explotacións lácteas para a disposición de importes

Poderán beneficiarse destas axudas os produtores/as de leite que cumpran os requisitos recollidos na Orde de convocatoria publicada no DOG nº 105 do 1 de xuño de 2009.

O FOGGA no prazo de 15 días seguintes ao 2 de xuño remitirá de oficio ás interesadas/os beneficiarias/os o documento de recoñecemento de cumprimento das condicións para a presentación das solicitudes de axuda financeira, así como o importe máximo do préstamo que se pode solicitar.

A contía da axuda consistirá na bonificación da comisión, que como máximo será do 0,5% do importe do préstamo, e tamén do tipo de xuro do 4% anual sobre o préstamo que o beneficiario subscriba coas entidades financeiras. Esta contía non poderá exceder de 7.500 € durante un período de 3 anos, incluíndo o total de axudas de minimis percibidas polo beneficiario nese mesmo período.

Axudas ao mantemento da forestación

Publicación dos prazos de presentación de solicitudes de pagamento da prima de mantemento para o ano 2009, dos expedientes de axudas concedidas para o fomento da forestación de terras agrícolas, axudas para o fomento das frondosas caducifolias e axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.

O prazo para a presentación de solicitudes de pagamento da prima de mantemento 2009 remata con anterioridade ao día 30 de xuño de 2009.

Axudas para a renovación do parque de maquinaria agrícola

A CMR ven de publicar no DOG as axudas para a renovación do parque de maquinaria agrícola. Mediante estas axudas poderán adquirirse novos tractores e máquinas arrastradas como: sementadoras directas, cisternas de xurros e esperexedores de fertilizantes sólidos, fertilizadoras e equipamentos de produtos fitosanitarios.

A contía base das axudas establécese en 80€ por CV, esta contía poderá incrementarse en función das circunstancias da beneficiaria ou do beneficiario.

A axuda máxima por beneficiario e convocatoria do ano non poderá superar 12.000 euros no caso de adquisición de tractores novos, 30.000 euros cando se trate de máquinas automotrices de recolección e o 30 por cento do investimento no resto de máquinas automotrices e no caso de máquinas arrastradas.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 6 de xullo de 2009

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Vacas e novillas de carne
TLF: 981 788 221

Circuito de 6 puntos con pulsadores electrónicos Rotativa de 1,70 de 2 tambores.
TLF: 696 642 722

Bolos de herba seca e de silo zona de arzáa
TLF: 620 062 581

Véndese explotación e vivenda. (As Pontes)
TLF: 981 459 568

Vacas de raza caldelá.
TLF: 679 962 507

Vaca pasiega, media idade, preñada.
TLF: 982 179 444

Tractor marca PASCUALI 995, DE 30 CV., con remolque de tracción.
TLF: 982 169 267 (Juan).

Tractor barreiros de 52 cv en moi bo estado e a moi bo prezo.
TLF: 982 183 019

Cisterna CISCA, de 2000 litros. Remexedor de purín.
TLF: 982 137 615 (José)

Por cese de actividade véndese tractor JOHN-DEERE 6310 e autocargador GALAGRI en bo estado.
TLF: 982 16 06 5
647 17 28 07

Mitsubishi Pajero 2500 ano 1994
Seat Panda
Roto Alpacadora Gallinana.
Contacto Martín
TLF. 609.31.14.16 ou
988.30.46.21

Tanque de frío ALFA LAVAL de 250 litros,
TLF: 986548219 ou
619900871

Sá de ordeño de seis puntos.
TLF: 648187857

Rabaño de ovelas e cabras.
TLF: 982 178 988
A partir das 21,00

Arado KUHN modelo 465 de importación con reseta variable e punteiras
precio 2000€ (Severino)
TLF: 630 84 86 43

Circuito de ordeño WEST-FALIA, bomba de 400, con 4 puntos de ordeño, 2 hileras, 30 plazas e lavado automático. Prezo a convir
TLF: 630 84 86 43 (Severino)

Rotativa marca KHUN de cinco discos.
TLF.: 696 004 515

Véndense becerros cebados de mais de 140 kilos criados na Serra do Suído (O Covelo - Pontevedra)
TLF: 986-668820; 626-442294 ou 699-833797

Invernadero BITUMEL de 700 metros cadrados.
TLF: 679970504

Desensiladora marca MULLOSA moi bo prezo
TLF: 982 157 245 /
636 86 30 82

30 rolos de herba seca. O Corgo, Lugo.
TLF: 982 176 748

Motor marca deutz 4 cilindros con bomba rovatí enrollador hidrotec de 300 metros 250 tubos de 4" (A Limia)
TLF: 660 83 88 43 e
639 72 53 37

Camada de cachorros de Pastor Belga, negros. A nai filla de campeón do estado (Zar).
TLF: 982.164051 /
660.442.783

Vacas frisonas.
TLF: 982.332065

4 llantas de marca Mon de coche de 5 buracos remolque de tractor preparado para fardos de herba Coche Audi 80.
TLF: 686596260 (Ovidio)

Rolos de herba seca de boa calidade en Vilachá de mera(lugo). Chamar polas tardes. 18 €/unidade.
TLF.- 666 826 910

Segadora rotativa de dous platos de 1,85 de corte marca AUSAMA, 3 campañas estado impecable
TLF: 620.571.533

3 parcelas en Cabaleiros- Toradoia,
TLF: 696 98 92 02

Rolos de herba seca (Cospeito)
TLF : 982/50-57-55

4 becerras LIMUSIN fillas de nai con carta xenealóxica
TLF.- 982 20 77 33 /
685 88 42 57

Por abandono véndense vacas de leite e xovencas, rolos de silo, silo de pienso de 8,000kg dividido, circuito de catro puntos, tanque de frío 1100l., autocargador en bo estado. Zona de Monfero
TLF: 659 213 085

FORD TRANSIT CONECT 1.8 TDCI ANO 2003 (8000€ transferido)
Chamar de 5 a 10 horas.
TLF: 639 006 214

Máquina de coser industrial económica e en bo estado, preguntar por: María
TLF: 986656269

Touro Frisón de 15 meses.
TLF: 679-38-29-90 (Suso)

Véndese cuba de madeira en bo estado.
TLF: 982 172663 Chamar de 14 a 15 horas.

Véndese 4 vacas 2 limosine e 2 do país. José Manuel (Outes)
TLF: 981 856110

Vendo un cabalo enteiro de 3 anos, manso a bo prezo.
TLF: 630 56 13 10

Vendo vacas rubias
TLF: 689 752 400

Xaulas de coellos novas, semi-novas a moi bo prezo
Tel: 649531430/639772811

Tanue Alfa Laval 545 litros 5 anos de uso.
TLF: 628-29 36 34

Cisterna xurro. Marca CAR-RUXO, 28000 litros capacidade, apertura hidráulica.
TLF: 657 361 197
de 13 a 14 e de 21 22

Vendo millo para silo
TLF: 639.50.32.10

Motosegadora BERTOLLINIEN moi bo uso (ten os primeiros dedos/dentes) tamén dispoñíbel con remolque.
TLF: 650.22.01.84

Pisón e grade de dentes + circuito alfa laval 3 puntos + tanque do frío 550L + remolque de tractor. Por abandono zona de Boimorto
TLF: 660-48-58-56

Ovos de Galiña Piñeira e Galiña Negra.
Telf: 665 64 77 93 (A Coruña)

Máquinas de limpar o trigo e un muiño eléctrico e un arado gravante.
TLF: 982 175 132

Lousa de pizarra e muiño de pedra eléctrico.
tlf: 981.798.742

Véndese participación en S.A.T. na provincia de Lugo
TLF: 679545951

Véndese por xubilación: Mezcladora de cereais, bigas de ferro de 7 m de longo e outro material de uso gandeiro. Chamar, preferentemente polas noites ao TLF: 982 218 636

Vendense 60 rolos de herba seca, 10 rolos de palla. En Barondelle (Abadín)
TLF: 982 178970

COMPRAS

Merco cabras e ovelas para explotación no Courel.
TLF: 617211528 / 648147520 (Pilar)

Silo de pienso con capacidade de arredor de 6000 Kg.
TLF: 986 58 40 70

Sementadora de patacas.
Telf: 981 66 92 50

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Búscase traballador/a para explotación agraria. Zona entre Alto Xestoso e Xermade.
TLF: 627 950 681.

Ofrécese peon para traballos agrarios e forestais.
Fanse traballos de plantacións, podas, desbroces de fincas e montes.
TLF.: 686 753 105.

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 629 973 867

Ofrécese chófer para maquinaria agrícola.
TFNO: 629651172

Ofrécese peón para explotación agraria ou gandeira. Preguntar por: Juan TLF: 620162893

OUTROS

.....
Arréndase cota láctea, 30.000 kg, zona Monfero
TLF: 981 196 832

Fanse todo tipo de traballos agrarios: desbroces de montes, carreteras, plantacións, podas.
TLF: 629 870 302 (Alberto)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



SOBERANÍA ALIMENTARIA



A Soberanía Alimentaria é unha proposta da Vía Campesina, coordinadora da que forma parte o SLG, feita pública durante o Cumio Mundial da Alimentación da FAO, celebrado en Roma no ano 1996. Vía Campesina, define a Soberanía Alimentaria como *o dereito dos pobos, dos seus países ou unións de estados, a definir as políticas agrarias e alimentarias sin dumping fronte a países terceiros*. Esta é unha alternativa válida para o Norte e para o Sur.



A desaparición dos mercados locais e as normas hixiénico sanitarias, están dificultando ás labregas e labregos a venda dos seus produtos, en moitos países do mundo.

AS POLÍTICAS AGRARIAS NEOLIBERAIS PROVOCAN A DESAPARICIÓN DO CAMPESIÑADO E DESLOCALIZAN A PRODUCCIÓN DE ALIMENTOS

Na Galiza temos unha superficie agraria útil por baixo do 20% mentras calquera país desenvolvido do noso entorno anda polo 50%. A lóxica da gran distribución e as normas comerciais disfrazadas de “paquete hixiénico sanitario” supoñen a morte diaria de moitas explotacións labregas.

Tanto Galiza como a Unión Europea somos tremendamente dependentes. Cada ano, importamos grandes cantidades de alimentos para os animais, que hipotecan a Soberanía Alimentaria tanto no Sur como no Norte. A terra que se utiliza no Sur para producir para o gando europeo, impide producir para alimentar as poboacións locais. Os excedentes que se xeneran no Norte con eses alimentos inundan os mercados do Sur e destrúen explotacións de labregas e labregos no Sur e no Norte. No Sur colocan os excedentes nos Mercados con dumping (a prezos por baixo dos costes reais de produción) e no Norte pagan baixos prezos, moitas veces tamén por debaixo dos costes reais de produción aos labregos e as labregas.

Teñamos en conta que os nosos competidores non son as labregas e os labregos de outros países. Os nosos competidores son a agricultura industrial, as grandes compañías agro-químico-farmacéuticas e a grande distribución, que son ademais quen se benefician das políticas agrarias actuais.

Na actualidade existen lexilascións que lle dan ás multinacionais do ramo o control e o poder sobre as sementes. A lexislación sobre sementes, a manipulación xenética e as patentes sobre os seres vivos ameazan a biodiversidade e o acceso as sementes e con isto, a capacidade de moitas labregas e labregos de producir a alimentación para as súas familias e para os seus pobos.

A proposta de Soberanía Alimentaria feita pola Vía Campesina, inclúe:

- Priorizar a produción agrícola local para alimentar á poboación, o acceso das labregas e dos labregos e das e dos sen terra á terra, á auga, ás sementes e ao creto. Por isto son necesarias as reformas agrarias, a prohibición dos organismos xeneticamente manipulados, o libre acceso ás sementes, manter a auga como un ben público e que se reparta de forma sustentábel.
- O dereito das labregas e dos labregos a producir a alimentación básica para o seu pobo.
- O dereito dos países a protexerse das importacións agrícolas e alimentares demasiado baratas.
- Os prezos agrícolas teñen que estar ligados aos custos de produción. Débese manter o dereito de cada país ou unión de países a gravar con impostos as importacións baratas.
- Os países teñen que comprometerse a manter a forma de produción labrega sustentábel e deben controlar a produción no mercado interior para evitar excedentes estruturais.
- A participación dos pobos na definición da política agraria.
- O recoñecemento dos dereitos das labregas que desempeñan un papel esencial na produción agrícola e na alimentación.

Desenvolver políticas para garantir a cada pobo **o dereito á soberanía alimentaria** é a única garantía de supervivencia das labregas e dos labregos. É tamén a única garantía de liberdade dos pobos, porque **un pobo que dependa de outro ou das transnacionais para comer, sempre será un pobo escravo**. Precísase de mecanismos públicos de control e redistribución da produción para garantir o dereito á soberanía alimentaria no mundo. Os gobernos deberán comprometerse a adecuar a oferta á demanda no mercado interno, para evitar excedentes estruturais. **Os prezos agrícolas teñen que estar ligados aos costes de produción.**